

XUNTA DA FACULTADE DE DEREITO DE OURENSE ACORDOS ADOPTADOS NA REUNIÓN ORDINARIA DO DÍA 28 DE XULLO DE 2016

1. **Apróbase/acórdase por asentimento¹:**
- A) As actas da reunión ordinaria do día 31 de maio de 2016 e das reunións extraordinarias dos días 6 e 15 de xullo de 2016.
 - B) As modificacións correspondentes ao Procedemento para o seguimento e o control da docencia.
 - C) A reforma do Regulamento para elaborar o Traballo de Fin de Grao.
 - D) O Regulamento de prácticas externas do Grao en Dereito.
 - E) A toma en consideración da reforma da normativa para elaborar o TFM do Máster universitario en Avogacía da Universidade de Vigo na Facultade de Dereito para adaptalo ao Regulamento para a realización do Traballo de Fin de Máster aprobado polo Consello de Goberno o día 15 de xuño de 2016
 - F) O temario para a homologación dos títulos estranxeiros (Licenciatura en Dereito).
 - G) A adhesión á “Declaración en defensa del Patrimonio Cultural de Occidente”, aprobada pola Xunta de Centro da Facultade de Dereito da Universidade de Alcalá, ante a suxerencia de suprimir expresións latinas nas sentencias xudiciais, aprobada na XVIII “Asamblea de la Cumbre Judicial”.
 - H) A designación dos membros do tribunal do premio extraordinario de Grao (Prof.^a Dr.^a Ana María Tobío Rivas, Prof.^a Dr.^a Marta Fernández Prieto e Prof. Dr. Miguel Ángel Michinel Álvarez).
 - I) A delegación na Comisión Permanente da Xunta de Facultade dos seguintes asuntos:
 - a) A ratificación da acta do premio extraordinario de Grao.
 - b) A aprobación das alegacións, se se acorda coa Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo a súa presentación, ao Informe provisional de seguimento 2014-15 do título de Graduado ou Graduada en Dereito pola Universidade de Vigo.
 - c) A aprobación dos Informes de accións de coordinación do Grao en Dereito e do Máster universitario en Avogacía e os Informes finais de avaliación do Plan de Acción Titorial de ambas as dúas titulacións do curso 2015-2016.
 - d) A aprobación do Regulamento para elaborar o TFM do Máster universitario en Avogacía.
2. **Apróbase, por maioría,** a delegación na Comisión Permanente da adopción do criterio para resolver as solicitudes de cambio de quenda entre o Grao en Dereito e a Simultaneidade ADE-Dereito.

Ourense, 29 de xullo de 2016

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

DILIXENCIA para facer constar que os acordos adoptados na reunión ordinaria da Xunta da Facultade de Dereito de Ourense, celebrada o día 28 de xullo de 2016, se publicaron oficialmente no taboleiro de anuncios e na web da Facultade o día 29 de xullo de 2016.

Concepción Martínez Martínez
Secretaria da Facultade de Dereito

¹ Toda a documentación pode consultarse na Secretaría do Decanato.